



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

APRAZADO O COBRO DO I.V.T.M.

O pago do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, que temos delegado na Deputación da Coruña, queda aprazado ata despois do 30 de abril.

Prazos prorrogados

A Deputación da Coruña lembra que para os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2020, é dicir, os iniciados con anterioridade ao 18 de marzo, suspéndese tamén o prazo ata o 30 de abril .

As liquidacións, autoliquidacións, providencias de constrinximento e demais actos da área tributaria que dean lugar a un pago e que xa estiveran notificadas, pero sen ter concluído os prazos de pagamento, prorróganse tamén ata final do mes de abril.

Para calquera dúbida ou consulta, a Deputación mantén aberto o Servizo de Atención ao Contribuínte a través do teléfono gratuito 900 132 204 e do correo electrónico atencion.tributaria@dacoruna.gal, así como a Oficina Virtual Tributaria (<https://www.dacoruna.gal/servizos-tributarios/oficina-virtual/>) na que se poden realizar trámites, consultas e xestións as 24 horas do día, os 365 días do ano.